



"IGUALDADE ATA O ULTIMO CUARTO"

Partido correspondente a segunda xornada de Copa de biberóns, organizada pola AFACO, entre o R. de Neda e o Numancia de Ares que deixou bo sabor de boca cara a próximos encontros do equipo aresán.

Neda 18 de maio de 2011.

Xogaron polo Numancia: Miguel, Marcos Rey, Manu, Izan, David, Ivan, Marquitos, Axel, Brais e Xerar.

Comenzou o primeiro cuarto e rematou con empate a cero, xa que ningún dos dous equipos logrou culminar as ocasións que tiveron, que foron varias. No segundo cuarto un gol do Neda valeríalle para adxudicarse o parcial. No terceiro foron os de Ares os que estiveron máis acertados acabando o cuarto cun 0 a 1. E xa no cuarto e definitivo, os de Neda serían quen de marcar dous goles por ningún o Numancia, finiquitando os nedenses o encontro por un tanteo de 2 – 1 nun partido moi igualado.